

Decreto2021 polo que se modifica o Decreto 279/2008, do 11 de decembro, modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

O Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores foi creado polo Decreto 279/2008, do 11 de decembro, como órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para as políticas de coordinación e planificación das ensinanzas artísticas superiores en Galicia, e no seu artigo 3 establece a súa composición.

A dita composición foi modificada polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, a fin de adaptar a mesma ás estruturas orgánicas das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, de Cultura e de Economía e Industria.

Tendo en conta os cambios organizativos producidos nas citadas consellerías, procede levar a cabo os cambios pertinentes no Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Así pois, de conformidade coa competencia que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude dos artigos 27, 31 e 39 do Estatuto de autonomía de Galicia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPÓÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Un.-Modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue

«Artigo 3º.-Composición.

1. O Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores estará composto polos seguintes membros:
 - a) A persoa titular da consellería competente en materia de educación, que ocupará a súa presidencia.
 - b) A persoa titular do centro directivo con competencias en ensinanzas artísticas superiores dependente da consellería competente en materia de educación, que ocupará a súa vicepresidencia.
 - c) A persoa titular do centro directivo con competencias en ensinanzas universitarias dependente da consellería competente en materia de educación.

- d) A persoa titular do centro directivo con competencias en políticas culturais dependente da consellería competente en materia de cultura.
 - e) A persoa titular do centro directivo con competencias en materia de igualdade.
 - f) Unha persoa de recoñecido prestixio designada polo conselleiro ou a conselleira competente en materia de cultura.
 - g) Cinco personalidades de recoñecido prestixio do ámbito das artes, nomeadas polo conselleiro ou a conselleira competente en materia de educación.
 - h) Unha persoa nomeada polo Parlamento de Galicia, de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria, se o Parlamento o considera procedente.
1. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou unha funcionaria da consellería competente en materia de educación.
 2. Na composición e organización deste órgano procurarase a aplicación do principio de paridade para garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres».

Dous.-Modifícase a disposición adicional, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional

A Presidencia do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores convocará, logo dos nomeamentos correspondentes, a súa sesión constitutiva no prazo de dez meses desde o día da entrada en vigor deste decreto, e o Pleno do Consello aprobará o seu regulamento interno nos seis meses seguintes ao día da súa constitución».

Disposición derogatoria

Única.-Queda derogada a Orde do 20 de xuño de 2011 pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade